



Boletín Sindical

Nº 88 - 2025

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Galiza con dereitos, traballo digno e igualdade

A CIG acaba de lanzar unha campaña baixo o lema “Por unha Galiza con dereitos, traballo digno e igualdade”, para demandar que os Orzamentos da Xunta de Galiza para 2026 contemplan toda unha serie de medidas que dean resposta á situación na que se atopa o país e a clase traballadora. Unha campaña para a que xa están convocadas asembleas e mobilizacións diante das sedes da Xunta, o 7 de outubro, e unha manifestación nacional de delegados/as en Compostela, o 10 de decembro.

A vaga de incendios sufrida en Galiza, o pasado agosto, é a proba trágica das fatais consecuencias das políticas do Goberno galego co noso monte, co noso rural pero, en xeral, con todo o noso país. O seguidismo cego de Rueda ás estratexias ultradereitistas de Madrid e o seu proxecto de explotación colonial manteñen a dependencia económica e política de Galiza ao sistema español, negándose a tomar ningunha medida que permita un desenvolvemento galego propio co que frear o aumento do empobrecemento e as desigualdades das clases populares, ou a desertización social e industrial de moitas comarcas.

O Goberno do PP na Xunta aplica unha política letal para a sociedade galega poñendo todo o público a disposición do negocio e da rendibilidade do capital e dos fondos de investimento, impondo un modelo de turismo desordenado e descontrolado e a eucaliptización do país, mentres agoran importantes sectores produtivos e se afonda nun modelo que consolida a histórica xeración de graves desequilibrios territoriais, sociais e ambientais.



Por iso, esta campaña pivota sobre 6 grandes actuacións urxentes: a aprobación dun Plan galego de creación de traballo digno e industrialización, facendo real unha transición enerxética xusta. Unha verdadeira política industrial pública que complete os ciclos produtivos no propio país; coa creación dun Banco Público Galego e cunha aposta decidida por un traballo digno e con dereitos, garantindo ademais na FP dual e nos contratos formativos a obriga de contrato laboral e unha retribución polo tempo de traballo, que será do 100% da fixada no convenio correspondente.

A recuperación, ampliación e fortalecemento dos servizos públicos, que priorice o benestar colectivo fronte aos intereses do capital, nomeadamente a sanidade e o ensino

públicos. Isto xunto á exigencia de que a Xunta de Galiza non subscriba Convenio coas Mutuas para a xestión de determinadas patoloxías, porque favorece a descapitalización do público en favor das empresas privadas.

Un sistema público galego de servizos de atención ás persoas e a creación dun parque de vivendas dignas públicas e dun Banco Galego de vivenda para alugueiro social, xunto coa prohibición dos desafuizamentos.

Un Plan Galego de Igualdade que ten que rachar coa actual dinámica do goberno do PP na Xunta, no que teñen que participar, na súa elaboración, todos os axentes sociais e políticos, garantindo o investimento público e a dotación de persoal necesaria para atender a problemática da violencia contra as mulleres, comezando por darlle o peso político que merece.

A CIG reclama, ademais, a apertura dun proceso que supere o actual Estatuto de Autonomía para que se recoñezan os dereitos nacionais de Galiza, porque, tal e como afirma o secretario da CIG, Paulo Carril, “temos dereito a un desenvolvemento galego propio, a decidir sobre o noso modelo económico e social, dispor dun marco galego de relacións laborais”. Por iso, o Parlamento galego “debe ter plenas competencias e de xestión en todas as materias e áreas”. Isto ademais da necesidade de dispoñer dun sistema de financiamento propio, “cun réxime de concerto económico” co Estado e dunha “profunda e xusta reforma fiscal”.

Condicións xustas e salarios dignos para as traballadoras do sector de coidados

As traballadoras do sector de coidados –residencias, centros de día e SAF– mobilizáronse e protagonizaron catro xornadas de folga no mes de setembro para denunciar a precariedade laboral e salarial que padecen. Existen condicións xustas e salarios dignos.

As traballadoras das residencias privadas de maiores e centros de día levan meses mobilizándose. A elas sumáronse agora as traballadoras do SAF, a prol dunhas condicións salariais e laborais dignas e na defensa dun modelo de coidados “que antepoña o benestar das persoas ao lucro e egoísmo empresarial”.

Con estas xornadas de folga e accións de protestas alén de desbloquear as negociacións dos convenios colectivos, caducados, o de SAF desde 2021 e o de Residencias Privadas de Maiores desde 2024, reclaman tamén a intervención da Consellaría de Política Social, así como dos concellos, como os maiores responsábeis destes sectores esenciais.

Protocolo no SAF

Denuncian a “falta de sensibilidade, humanidade e responsabilidade” das administracións, para negociar un protocolo ante situacións de violencia no sector de Axuda no Fogar e denuncian tamén que “despois da desgraza acontecida no concello do Porriño se deixase pasar o tempo para que se esqueza, sen tomar as medidas para que situacións como esta non se volvan repetir”.

Lembran o emprazamento da FEGAMP para negociar ese protocolo, pero lamentan a ausencia directa da Consellaría de Política Social. “Desde a CIG nin esquecemos, nin abandonamos o noso obxectivo, que non é outro que a protección e defensa das traballadoras”, advirten as traballadoras do sector.

Rexeitan a actitude do sector e máis da Consellaría, porque “non teñen interese ningún por activar estas negociacións”, como tamén



a dos demais sindicatos por “mirar para outro lado”. A este respecto lembran que desde a CIG están presentadas as plataformas que consideran que “non foron de interese para as patronais ás que, grazas á complicidade da Consellaría, non lles parece interesar a resolución destes conflitos, xa que non fan nada para tentar resolvelos, cando lles afectan directamente polo carácter público e esencial que teñen, facéndolles o xogo as empresas para que sigan enchendo os petos”.

Por iso o secretario nacional da CIG-Servizos, Carlos Alján, considerou “indecente” que o Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, botase “balóns fóra” na sesión de control do Parlamento de Galiza celebrada a semana pasada.

Alján cualificou de “vergoñento” que Rueda eludira a súa responsabilidade afirmando que se trata dun servizo municipalizado e que depende de empresas privadas. Afeoulle ademais que intentara apropiarse da xuntanza celebrada coa FEGAMP. “Din que foi iniciativa súa, máis de dous meses despois do asasinato da compañeira no Porriño, cando foi

iniciativa da FEGAMP a instancias da CIG”, explicou o secretario nacional.

“É totalmente indecente ter este goberno, é totalmente indecente ter este partido á fronte da Xunta de Galiza e é totalmente indecente ter un Presidente que non se preocupa, absolutamente nada, dun servizo público esencial como é o das residencias e dos SAF”, afirmou.

Salario como no sector público

Entre outras cuestións demandan que no sector privado se apliquen as mesmas condicións de traballo e salario que no sector público, “que se abandone este modelo rancio, usureiro e de amiguismos para sacarlles o diñeiro ás persoas maiores e dependentes, co único fin de enriquecerse a custa das persoas usuarias e das traballadoras”.

Nese sentido apostan por un modelo público de coidados que garanta unha “prestación de servizos de calidade para que as persoas usuarias poidan ter unha vida digna, tanto no seu domicilio como nun centro asistencial ou residencial, pero mentres isto non aconteza as traballadoras deben ter unhas condicións xustas e un salario digno”.



Por un ensino público galego con futuro

Máis do 60% do profesorado foi á folga contra os recortes

Profesorado, alumnado e ANPAS tomaron o pasado 25 de setembro as rúas de Compostela, coincidindo coa xornada de folga convocada para denunciar a política de recortes e propaganda do PP na Xunta de Galiza e para reclamar a recuperación de dereitos. Unha folga na que a CIG-Ensino situou por riba do 60% a porcentaxe de asistencia, cun incremento moi importante en infantil e primaria a respecto dos paros de 2023, “o que demostra a fartura e o malestar do profesorado coas políticas da Consellaría”.



“A resposta do profesorado secundando a folga e asistindo masivamente á manifestación é a máis contundente dos últimos anos”, valorou a secretaria nacional da CIG-Ensino, Laura Arroxo, durante unha xornada na que tamén se exixiu “poder traballar en liberdade, sen censuras nin imposicións da Consellaría”.

Arroxo advertiu que “non imos permitir que ninguén nos diga como facer o noso traballo, nin que educación en valores temos que transmitir. Seguiremos denunciando, tamén nas aulas porque é a nosa responsabilidade, o plan de exterminio do galego, o xenocidio en Palestina e a depredación medioambiental que algunhas empresas queren facer do noso territorio”.

Recuperar dereitos

Con esta xornada de loita, o ensino non universitario reclamaba, máis unha vez, a recuperación de dereitos, nomeadamente o horario lectivo recortado desde os anos 2011 e 2012, nos que se subiron a 25 horas en infantil e primaria e a 20 no resto de ensinanzas, respectivamente.

Xunto a isto demandaron avanzar en dereitos, como na redución de ratios en todas as etapas, maior

persoal para atender a diversidade, eliminación da burocracia inútil e o recoñecemento salarial e profesional que merece o traballo docente.

A isto súmanse os recortes perpetrados este mesmo verán coa non convocatoria das prazas de atención preferente, nin das asesorías técnicas da Consellaría, a supresión de RAOGAL e a eliminación das licenzas por formación retribuídas. Ademais, nos primeiros días do curso comprobouse que “nin os fondos europeos cos que se financia o Plan Mega -e dos que a Xunta se apropiou para si- eran capaces de parchear as múltiples demandas de profesorado ou de persoal coidador para atender o alumnado con necesidades que hai nos centros”.

Neste senso, a secretaria nacional da CIG-Ensino denunciou que o abandono do alumnado máis vulnerable se produce en todas as etapas educativas e criticou o exceso de burocracia “inútil disfrazada de sistema de calidade”. Valorou que o recente anuncio do Goberno estatal para blindar o horario lectivo semanal, “de momento queda en boas intencións”, pois no anteproxecto de lei permítese a excepcionalidade de chegar até as 21 horas, “así que xa sabemos ao

que se vai agarrar a Xunta para non devolvernos o que é noso”.

A privatización da educación é, para Arroxo, outro dos males que tamén que se incrementa de forma acelerada ano tras ano. Por iso, preguntouse “canto hai de proxectos eminentemente educativos e canto de negocio hai detrás” de programas como Edixgal, Polos Creativos, Educabilidade ou FP dual. A CIG-Ensino tampouco ve as melloras asinadas hai agora dous anos polo daquela candidato Rueda e os sindicatos “que lle deron as costas ao profesorado e en lugar de estar hoxe aquí preferiron asinar un folio en branco”.

Cómpre loitar

Arroxo reafirmou a necesidade da convocatoria desta folga porque “é a nosa principal ferramenta como traballadores e traballadoras para amosar o noso malestar, a nosa fartura”. Alertou respecto da pretensión da Consellaría de “dividirnos, burocratizarnos e calarnos” e clamou porque “agora máis ca nunca temos que reaccionar, dicir abonda xa, porque o noso obxectivo común é a mellora do ensino público galego, e que se nos respecte e se nos trate dignamente, tanto a nivel profesional como salarial”.

Tamén no traballo paremos o xenocidio!

A CIG convoca folga parcial de catro horas o 15 de outubro

A CIG convoca un paro xeral en Galiza o 15 de outubro para reclamar a fin do xenocidio e da ocupación ilegal de Palestina, demandar o cese de toda relación diplomática, económica e militar co Estado sionista de Israel e defender o dereito de autodeterminación do pobo palestino 'dende o río até o mar'.

Coa responsabilidade que conleva ser a primeira forza sindical en Galiza, a CIG lanza esta convocatoria baixo o lema 'Tamén no traballo paremos o xenocidio', despois de dous anos de mobilización sostida, coas reivindicacións que exiximos como parte da Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina, e co obxectivo de acadar a maior resposta social dada a gravidade da situación.

Os paros, de catro horas por quenda, afectan ao persoal de todos os centros de traballo públicos e privados situados en Galiza e desenvolveranse das 22h do día 14 de outubro ás 02h do día 15; das 10h ás 14h; e das 18h ás 22h. A CIG chama a concentrarse nos centros

de traballo pola mañá e pola tarde a secundar as convocatorias que faga a Coordinadora nas cidades e vilas.

Manifestación o domingo 5

A CIG tamén insta a participar na manifestación que a Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina ten

convocada para este domingo, 5 de outubro, ás 12h dende a Alameda de Compostela, baixo o lema "2 anos de xenocidio e 77 anos de ocupación", cando se conmemoran dous anos do inicio da masacre de Gaza.

Dende o inicio desta agresión, a CIG é a organización sindical que máis ten contribuído e apoiado en Galiza unha acción permanente de solidariedade con Palestina -xa sexa como parte integrante da Coordinadora, promovendo convocatorias e iniciativas propias, ou secundando a outros colectivos-. Conseguinte así manter un calendario de mobilizacións continuadas tanto a nivel local como nacional que xa suman máis de mil cen convocatorias.

Neste sentido, o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, lamenta que haxa organizacións sindicais que parezan acabar de coñecer a existencia do xenocidio e promovan agora de maneira unilateral unha resposta que non garda coherencia co traballo de apoio ao movemento de solidariedade con Palestina.



Carlos Alján, novo secretario nacional da CIG-Servizos

A CIG-Servizos vén de celebrar o seu IX Congreso, ao que concorreu unha única candidatura encabezada por Carlos Alján, que foi elixido secretario nacional en substitución de Transi Fernández, á que se lle recoñeceu e agradeceu o traballo feito neste período. As e os delegados aprobaron ademais o Informe de Xestión da Executiva e máis os relatorios nos que se marcan as liñas de traballo que guiarán a acción sindical da federación nos próximos catro anos.

Tamén se renovou a Executiva federal, que queda conformada por Carlos Alján Collazo, Beatriz López Valdés, Roberto Xermán Pérez Vila, Dolores Calderón Blanco, Rubén Duruelo Cuervo, Aurora María Vázquez Méndez, Pedro Pérez Caride, María Cristina Martínez Padín e Martín Caamaño Santamaría.

O Informe da Executiva saínte salienta a consolidación da CIG-Servizos



como primeira forza sindical, superando a UGT e CCOO, cun medre parello de afiliación. Un éxito que é froito "da nosa capacidade de mobilización, presente en conflitos de grande impacto nos sectores de coidados, limpeza e comercio", resultado do "traballo constante das nosas delegadas/os".

A CIG-Servizos defende, na negociación colectiva, un modelo de

confrontación e participación. Para iso, no relatorio de Organización e no de Acción sindical apóstase por un sindicalismo combativo, de clase e nacional e refórzase o compromiso coa igualdade de xénero, coa defensa do galego e cun modelo sindical alternativo ao pactismo dos sindicatos estatais, coa finalidade de avanzar cara a unha Galiza soberana e socialista.